

## 2. Principais novidades no catálogo de apps educativas e pedagóxicas

Neste módulo imos tratar de coñecer algunhas “apps” educativas e pedagóxicas que poderedes probar nos vosos dispositivos. Falaremos principalmente daquelas que funcionan baixo o sistema Android xa que é o sistema máis empregado, ademais de ser de balde.

Pero antes de falar de “apps” educativas temos que ter claros dous conceptos: que é unha app? E que é un Sistema Operativo?

### Que é unha “App”?

App é a abreviatura da palabra inglesa “application” ou en galego “aplicación”, (en diante *app*) é un programa informático deseñado para una tarefa concreta. Previamente a aparición dos dispositivos móbiles as *apps* se programaban para os nosos ordenadores e agora como xa sabedes tamén as atopamos para os nosos teléfonos móbiles e tabletas.

Podemos facer unha distinción clara entre dous tipos de aplicacións:

As que están deseñadas expresamente para acceder a determinados contidos en Internet, e dicir, todas as creadas para manexar as nosas redes sociais, mensaxería instantánea, compras *on-line*, acceso a xornais electrónicos, etc

Deseñadas para o seu uso *off-line* tales como xogos, retoque fotográfico, etc. Aínda que puntualmente esta poida conectarse a Internet para captar máis información, completar contidos, etc.

### Que é un sistema operativo?

Un “sistema operativo” (coa abreviatura S.O. en galego ou O.S. en inglés) é un sistema de aplicacións informáticas cuxa principal misión é xestionar as capacidades dun dispositivo, ben sexa un ordenador, un teléfono, unha tableta, etc.

Estes S.O. poden traer a súa vez varias aplicacións non destinadas propiamente a xestión dos recursos senón que son para o uso diario do terminal onde esta instalado como por exemplo unha aplicación para usar a cámara, un lector de PDFs, un xestor de correo electrónico, etc.

Na actualidade 3 S.O. predominan sobre o resto no que a dispositivos móbiles se refire:

Android, iOS e Windows Phone OS

### Android



É un sistema operativo baseado en Linux (S.O. para ordenadores) deseñado para ser empregado en dispositivos móbiles con pantallas táctiles principalmente. Na actualidade e propiedade da empresa Google.

O que fai particular a Android é que a pesares de ser mercado por Google, esta empresa segue a permitir que cos coñecementos adecuados cada persoa poda crear un S.O. Android a súa medida. Cousa aproveitada polas compañías telefónicas e fabricantes de teléfonos e tabletas.

Será sobre o que traballaremos

**iOS**



É o S.O. desenvolvido por Apple para os seus dispositivos iPhone e iPad. En esencia e moi semellante, e cada día máis, a Android pero con algunhas diferencias de funcionamento e rendemento. A diferenza fundamental é que os enxeñeiros que crean as diferentes versións de iOS

so teñen que preocuparse por que funcione axeitadamente nuns poucos tipos de dispositivos moi semellantes entre eles mentres que os dispositivos nos que ten que traballar axeitadamente Android son varios centos.

## Windows Phone

O sistema operativo desenvolvido por Microsoft para móbiles. Polo de agora é o que menos presenza acadou no mercado aínda que os poucos van saíndo versións para teléfonos que funcionan con Android pero que desexan cambiar este SO

Aínda que son 3 sistemas operativos diferentes están deseñados de xeito presentan importantes similitudes para facer doadas as transición entre eles pero as apps dun SO non son compatibles noutro. Isto solúciónase por parte das empresas desenvolvedoras de software creando versións diferentes para cada SO

## Apps Educativas

Cando accedemos a una plataforma de descarga de *apps* observamos que dispoñemos de moitas categorías onde as aplicacións vanse ordenando (xogos, deportes, xornais, noticias, produtividade). Unha categoría que atoparemos sempre é EDUCACIÓN (habitualmente *educational* en inglés)

Nestas categorías atoparemos centos, ou máis ben milleiros, de *apps* polo que a tarefa máis complexa será filtrar estas aplicacións para atopar unha que se adapte as nosas necesidades.

No catálogo actual de apps hai milleiros de aplicacións educativas para os nosos dispositivos móbiles é que a meirande parte delas están en inglés. No caso de que non teñamos coñecementos avanzados de lingua inglesa non debemos preocuparnos por isto por que os conceptos e mecanismos de cada app son moi doados de entender e empregar

Temos que ter en conta que non todas as *apps* son de balde. Aínda que podemos atopar moitas que si o son outras non. O seu prezo é variable pero rara vez superan os 5 euros. De xeito habitual estas aplicacións non de balde dispoñen de versións “lite” ou reducidas totalmente funcionais que podemos descargar sen custo.

Para descargar as *apps* hai moitas posibilidades e páxinas webs. Desde esta formación so podemos recomendar que o fagades de xeito legal. Por varias razóns. Unha fundamental e que os traballadores que desenvolven esas *apps* merecen que o seu traballo sexa recoñecido deste xeito e outra razón e pola nosa propia seguridade. Non queremos descargar e instalar nada que poida danar o noso dispositivo móbil, seu contido e os nosos datos confidenciais que temos nel.

Como xa dixemos imos basearnos nesta formación nas apps desenvolvidas para Android polo que recomendamos que descarguedes sempre con seguridade desde Google Play, o portal de descargas de apps propio de Android e Google.

Na sección EDUCACIÓN podedes atopar milleiros delas. Temos que indicar que este apartado de educación en Google Play non discrimina inicialmente entre apps para nenos e nenas de apps para

adultos polo que temos que realizar ese traballo nos mesmos.

Chegado a este punto temos que diferenciar claramente entre unha app propiamente “educativa ou pedagóxica” e unha app inicialmente non pensada para este fin pero a que nos lle damos un uso educativo ou pedagóxico.

Se ben fai uns anos as apps educativas eran moi simples na actualidade atopamos apps altamente complexas que non teñen unha soa funcionalidade, senón que dan acceso a unha gran variedade de pequenas aplicacións no seu interior.

Aportamos aquí unhas poucas apps de recente creación que poden ser do voso interese para o emprego co alumnado. Todas elas son de balde.

### Duolingo

Sen dúbida na actualidade a máis descargada e empregada e “Duolingo”. Esta aplicación está dirixida ao aprendizaxe de idiomas nos seus niveis iniciais que mediante doados xogos permiten aprender conceptos, palabras, expresións, etc de varios idiomas.



<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.duolingo>

### Aprende a ler e a escribir

App deseñada para practicar a grafomotricidade a partir dos 3 anos traballando letras, abecedario, sílabas etc



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.appndroide.aprenderaleeryescribir>

### Leo con Grin: aprender a ler

Con esta app pódese complementar a anterior realizando as 30 leccións nas que atoparemos 11 xogos en cada unha para practicar a lecto-escritura e grafomotricidade.



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

<https://play.google.com/store/apps/details?id=air.educaplanet.grin.leo1.full>

### Mapa Estelar



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO



  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

App que mediante realidade aumentada vai amosando onde está cada constelación estrelas, satélites etc coa posibilidade de empregala tanto de día como de noite.

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.escapistgames.starchart>

### Sons de animais

Doadada aplicación que pode empregarse desde as idade máis temperás sen axuda de adultos onde os nenos e nenas descubren os sons que fai cada animal, nomes, características



<https://play.google.com/store/apps/details?id=net.fagames.android.playkids.animals>

### ScratchJr

Interesante app que permite crear sinxelas historias grazas a unha linguaxe de programación visual na que os nenos e nenas van mesturando elementos e creando as historias.



<https://play.google.com/store/apps/details?id=org.scratchjr.android>

Non esquezades comentar e compartir vosa app educativa favorita no foro aberto a tal efecto.

